



O 80% dos/as clientes/as particulares de R foron migrados/as á rede do Grupo MASMOVIL nun tempo marca de tres semanas

Preto de 290.000 liñas de R xa se benefician dun servizo de móbil con cobertura mellorada

- ***Os clientes de R gozan xa dun servizo de móbil máis potente grazas á cobertura da rede propia de MASMOVIL e dos seus acordos de compartición con outros operadores, principalmente Orange.***
- ***Tras as primeiras probas do servizo con clientes/as máis dun 50% dos/as usuarios/as de R mellorarán a súa cobertura de forma significativa.***
- ***Este salto de calidade na cobertura da rede é posible ao incorporar unha solución que automaticamente selecciona as antenas dispoñibles en cada zona.***

Xoves, 23 de decembro de 2021.- Arredor de 290.000 liñas móbiles de R, o 80% do total de liñas móbiles de particulares do operador galego, dispoñen xa dunha cobertura móbil mellorada grazas á migración deste servizo á rede do Grupo MASMOVIL.


Nun tempo récord de tres semanas, de forma transparente para os/as clientes/as e sen incidencias no servizo, R ten migrado ata este momento esa cantidade de 290.000 liñas das 367.000 con que conta no mercado residencial galego.

Estes/as clientes/as xa poden beneficiarse dunha potente e mellorada cobertura móbil a nivel nacional para utilizar os seus servizos de voz e datos porque a partir de agora teñen acceso á completa rede móbil do Grupo MASMOVIL, grazas aos acordos de compartición de redes con outros operadores, principalmente con Orange España.

Esta migración á rede propia do Grupo garante unha excelente conexión en calquera lugar, permitíndolles aos/as clientes/as do operador galego dispor dun servizo de telefonía móbil excelente de maneira moi sinxela, xa que o uso da rede dispoñible realízase de maneira transparente para o/o cliente/a.

A partir deste momento tanto os/as actuais clientes/as como as novas altas de **R** disporán dun servizo móbil innovador e mellorado para que sigan sendo os/as máis satisfeitos/as do mercado.

Esta migración supón un gran salto na calidade da cobertura de rede para os/as clientes/as de **R**, xa que esta actuación incorpora unha solución que **automaticamente selecciona a cobertura dispoñible**, para ofrecer o mellor servizo posible tanto de voz como de datos.



*“Estamos moi contentos de lles poder ofrecer aos nosos/as clientes/as beneficios tanxibles en moi pouco tempo. A partir de xa, os nosos/as clientes/as de móbil de **R** vanse a beneficiar dunha potente e mellorada cobertura de rede ao utilizar a rede propia do Grupo e os nosos acordos con terceiros. O noso compromiso é acelerar o acceso ás mellores infraestruturas dispoñibles aos nosos/as clientes/as estean onde estean”,* dixo Meinrad Spenger, Conselleiro Delegado de Euskaltel e do Grupo MASMOVIL

Unha mellora da cobertura para o 50% dos/as clientes/as de R

Tras as primeiras probas do servizo comprobouse que un 50% dos/as clientes/as de **R** mellorarán a súa cobertura de forma significativa en numerosos municipios de Galicia, o que supón unha oportunidade para as localidades máis illadas, segundas vivendas, zonas rurais ou poboacións con cobertura exclusiva dun dos operadores.

Durante os próximos meses, o total das liñas de móbil do operador galego quedarán migradas á rede do Grupo MASMOVIL e poderán gozar desta nova cobertura de rede que marca un antes e un despois na historia do servizo de **móbilR**.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal